

## himno galego

Que din os rumorosos  
na costa verdecente  
ao raio transparente  
do prácido luar?

Que din as altas copas  
de escuro arume arpado  
co seu ben compasado  
monótono fungar?

Do teu verdor cinxido,  
e de benignos astros,  
confín dos verdes castros  
e valeroso clan,

Non des a esquecemento  
da inxuria o rudo encono,  
esperta do teu sono,  
fogar de Breogán!


Os bos e xenerosos  
a nosa voz entenden,  
e con arroubo atenden  
o noso rouco son.

Mais só os iñorantes,  
e férridos e duros,  
imbéciles e escuros,  
non nos entenden non.

Os tempos son chegados,  
dos bardos das idades,  
que as vosas vaguedades  
cumprido fin terán.

Pois donde quer, xigante,  
a nosa voz pregoa  
a rendenzón da boa  
nazón de Breogán.

Os pinos  
Eduardo Pondal



# concerto das letras galegas

banda de música  
municipal de ribadeo

16 de maio ás 20:30 h.  
Auditorio Hernán Naval

A cita coas Letras Galegas que ano tras ano mantén no seu calendario estábel de actuacións a Banda Municipal de Ribadeo (BMR), non chega no mellor momento para a nosa lingua. Faino quince días despois de que o Instituto Galego de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela presentase un estudo no que se alerta de que a competencia lingüística da mocidade galega ao rematar o ensino secundario obrigatorio (ESO) é maior en castelán cá en galego, sobre todo na escrita (Europa Press - 5 de maio de 2010); e faino tamén nun dos momentos de maior crispación en torno ao idioma logo de que se presentase un decreto para o seu emprego no ensino que recibiu a crítica e o rexeitamento por parte da Real Academia, o Consello da Cultura, as tres universidades e milleiros de galegas e galegos.

Alén de todo isto, o compromiso da BMR coas nosas letras permanece inalterábel ao paso do tempo e vai máis aló das imposicións do calendario. O repertorio da municipal ribadense bota man, a cotío, de obras de autoras e autores galegos, continuando unha aposta en firme iniciada no seu momento por Hernán Naval e que hoxe se evidencia cun programa integramente galego. Pero esta noite non só haberá música, tamén letras e danza tal e como xa aconteceu noutras ocasións. O movemento acompasado ao son das melodías de Xoán Montes, de Naval ou de Gustavo Freire viaxará até o máis profundo da Serra do Courel para atoparse cun Novoneyra que lle canta a Galicia: “sabemos que ti podes ser outra cousa/ sabemos que o home pode ser outra cousa”; e máis a esa Montaña que el tanto quería e á que retrata nunha viaxe dende Francia a Compostela: “encarar o porto incerto/ o longo cerengo aberto. A un lado i aoutro del/ todo o horizonte en vela/ os Ancares i o Courel”. Tamén cun Novoneyra que sabía que o compromiso coas nosas letras, así como coa nosa música, non é só cousa dun día senón dunha vida enteira, tal e como el nos demostrou.

Suso López, músico da Banda Municipal de Ribadeo

## programa

Banda Galega  
F. Pérez Seara

A Xota de Nicolás  
J.L. Represas

Rumba para Susi  
E. Campos  
(Solista: Luis Rodil Fernández)

Airiños Aires  
G. Freire

Lonxe do Mar  
H. Naval

Banda Galega  
X. Montes

Voz: Carmen Rodríguez Rodríguez  
Grupo de Danza da EMMed de Ribadeo

Director: David Ballester Martínez

